



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO PERSOAL DESTACADO NA OFICINA DA FUNDACIÓN EN BRUXELAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural,

DECLARA:

Que esta secretaría xeral técnica ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Europa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 02.03.2017 ata o 31.12.2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto que a Fundación Galicia Europa, na súa oficina de Bruxelas, poña a disposición da Consellería do Medio Rural o espazo de traballo preciso para que a persoa que esta designe leve a cabo as tarefas que lle sexan asignadas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que os Estatutos da Fundación Galicia Europa atribúenlle a esta a promoción de todas aquelas accións legais que fomenten o achegamento da realidade galega á europea, para o que mantén en funcionamento unha oficina en Bruxelas, que sirva de apoio á sociedade galega en xeral, e ás Entidades presentes no Padroado da Fundación, en particular, para a xestión de asuntos relacionados coa Unión Europea e as organizacións rexionais. Singularmente, prevese impulsar a formación en temas europeos e concertar con outras institucións, públicas ou privadas, a materialización de actuacións tendentes á realización dos obxectivos fundacionais. Ademais, a Fundación Galicia Europa asume tarefas de apoio nas relacións coas institucións europeas no que respecta aos intereses de Galicia ante a UE.

Que a Consellería do Medio Rural interésalle ter coñecemento das políticas comunitarias que lle afecten no seu ámbito competencial para o que ten destacada unha persoa nas oficinas da Fundación en Bruxelas co obxectivo de que esta faga un seguimento das políticas agrarias e pesqueiras comunitarias.





A Fundación Galicia Europa dispón da única oficina que a Comunidade Autónoma de Galicia ten en Bruxelas, o que proporciona o espazo e os medios necesarios para levar a cabo as actuacións previstas neste convenio, medios dos que a Consellería do Medio Rural carece. Dada a especificidade das accións a realizar por esta Fundación para desenvolver estas tarefas, non é posible promover a concorrència pública de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Por outra banda, ao tratarse dunha subvención nominativa prevista na Lei de orzamentos da nosa Comunidade Autónoma, haberá que estar á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramitándose o presente convenio ao amparo do establecido nos artigos 19.4 a) e 26 desta Lei.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

